

Texto: **CHICO BUARQUE**  
 Tradución: **RAMÓN NICOLÁS**  
 Deseño: **MARC TAEGER**

Narrativa K. Encadernación rústica.  
 162 páx. 14,5x21 cm.  
 ISBN 978-84-96957-51-0

Prezo: 15 €

FAKTORIA  
  
 DE LIBROS

# BUDAPEST

**Debía estar prohibido escarnecerse de quen se aventura nunha lingua estranxeira. Certa mañá, ao baixar do metro por erro nunha estación azul igual á dela, cun nome semellante á estación da casa dela, telefonei desde a rúa e díxenlle: estou chegando case. Supuxen nese mesmo intre que dixera un disparate, pois a profesora pedíume que repetise a oración. Estou chegando case... había se cadra algún problema coa palabra case. Só que, no canto de sinalar o erro, ela fíxome repetilo, repetilo, repetilo, logo soltou unha gargallada que me levou a colgar o teléfono. ... Hoxe non obstante podo dicir que falo o húngaro perfectamente, ou case...**

## PREMIO JABUTI Á MELLOR OBRA DE FICCIÓN 2004

José Costa é un escritor brasileiro que, de retorno dunha convención internacional de escritores anónimos celebrada en Estambul, chega unha noite a Budapest a causa dun problema técnico no avión. Alí queda cativado pola cidade e pola misteriosa lingua dos seus habitantes, «a única lingua do mundo que o demo respecta», segundo un proverbio maxiar.

Unha lingua que o invitará a desexar ser outro e a mergullarse de cheo nunha cultura tan diferente á brasileira. De volta en Brasil, Costa decidirá deixar todo o que ten: a súa cidade e mesmo a súa familia, e volverá a Budapest para iniciar unha nova vida. Instálase na capital húngara coa enigmática Kriska, que lle ensinará o idioma e coa que terá unha relación sentimental. Ese ambiente novidoso, rodeado de palabras exóticas, provocará unha sucesión de acontecementos surrealistas e cheos de humor, ata o punto de que o protagonista desdobra a súa personalidade, converténdose en Zsose Kosta.

Ese intenso proceso de inmersión lingüística dá lugar a un relato literariamente denso, sobre o amor entre persoas de distintas culturas, que afonda nas raíces da identidade, máis fráxil e volátil do aparente. Chico Buarque presenta unha historia orixinal chea de musicalidade e referencias á sonoridade das palabras, con interesantes achegas sobre o proceso creativo do escritor e un sorprendente final.

“Budapest”, que gañou o Premio Jabuti, adaptouse tamén ao cinema. O seu autor está unido por lazos sentimentais a Hungría, ata o punto de que os nomes propios da novela -personaxes, rúas, restaurantes...- son os apelativos dos xogadores de fútbol -outra das súas paixóns- da selección húngara no ano 1954.

## FRANCISCO BUARQUE DE HOLLANDA, ‘CHICO BUARQUE’ (Río de Janeiro, 1944)

Poeta, dramaturgo, novelista, músico e compositor, un dos máis influíntes de Brasil. Autor de cancións de refinada harmonía como “O que será” ou “Meu caro amigo”, as súas letras destacan polos xogos de palabras cun trasfondo de nostalgia trágica, e pola temática intimista ou a situación cultural, social e económica do país. Coa súa participación en festivais e programas de televisión fíxose moi popular, o que non lle impediu exercer unha intensa actividade política -colaborando con cineastas, músicos e dramaturgos- contra a ditadura militar no seu país, polo que foi arrestado en 1968. Ao ano seguinte exiliouse en Italia pero voltou a Brasil ao ano seguinte, onde se adicou a escribir cancións de protesta e denuncia contra o réxime, que lle valeron a censura. Dende 1966 leva publicados uns 50 discos e as novelas «Estorvo» (1992), «Benjamin» (1995) e «Budapest» (2003), que foron aclamadas pola crítica.

